



HAI QUE ACORDAR: FALAMOS DA LINGUA GALEGA^[1]

Os datos do IGE en relación coa perda de coñecemento e uso social da lingua galega confirman a tendencia amosada por diversos estudos e investigacións sobre o devalo lingüístico. Non se pode finxir, ocultar nin silenciar por máis tempo. Viámolo vir todos os sectores cívicos e críticos, ao reclamarmos a revisión das regresivas políticas lingüísticas que a Xunta de Galicia activou con maior forza para as escolas e para máis alá do ensino. Desde o chamado liberalismo lingüístico –alimentado mediaticamente, con fortes apoios empresariais e con numerosos silencios cómplices– desenvolvéronse múltiples actuacións e medidas político-administrativas de desprotección efectiva do galego, como o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o ensino.

Desde os poderes fóronse naturalizando prácticas políticas e socioculturais que ían minando a forza social e comunicativa da lingua galega na nosa sociedade. Rachou profundamente a transmisión interxeracional; vén existindo desatención aos usos diglósicos e de deterioración ortográfica e fonética; non hai unha educación lingüística que se propoña mudar o imaxinario social sobre a lingua e, ao carón dos vellos estereotipos lingüísticos, aliméntanse novos prexuizos ligados, sobre todo, a comportamentos de clase; foméntase unha simplificadora condescendencia coas persoas galegofalantes. No ámbito do ensino tampouco a Xunta de Galicia realizou as avaliacións debidas con respecto á aplicación do Decreto en vigor, a pesar das evidencias que revelan eivas importantes na adquisición de distintas competencias lingüísticas.

Neste escenario, urxe un Pacto pola Lingua a aprobar no Parlamento de Galicia, con forza política, institucional e normativa, que poida ser compartido como medio para impulsar un maior uso social do galego. Un uso consciente, sabendo que é o noso patrimonio sociocultural máis prezado, como lingua propia e patrimonial de Galicia, formulado desde o respecto ás indicacións e ao espírito da «Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias» (de 1992, ratificada polo Estado español en 2001).

Este acordo debera fundamentarse en medidas de actuación planificadas en diversos ámbitos e escalas territoriais, temporizadas, sostidas con financiamento público e periodicamente avaliadas, coa finalidade de constatar os avances pretendidos e de revisar procesos e orientacións, dado o caso, de desaxuste; é imprescindible considerar a estes efectos modelos de actuación avalados desde o coñecemento sociolingüístico que lograron reverter situacións semellantes.

Nesta perspectiva o labor a levar adiante é amplo, non exento de complexidade, mais cóntase coa xenerosidade e entrega de milleiros de actores e actrices sociais, que entenden o que nos xogamos todos e todas. Precisamos acordar un camiño de saúde normalizadora para a nosa lingua: que sexa un instrumento comunicativo protexido e promovido con orgullo e dignidade cívica desde os poderes públicos e a iniciativa privada, querido polas novas xeracións, porque o ollan valorado polas súas nais e pais, polos avós e avoas e sabendo que a nosa sociedade está movéndose xa con varias linguas no día a día. Galegos e galegas que temos a obriga, feliz e colectiva, de darlle pulo e futuro á lingua que debe ser

[1] Texto relacionado coa Declaración de NEG, de xaneiro 2025:
<https://neg.gal/emergencia-linguistica-do-estado-da-cuestion-a-accion/>

a máis nosa, porque do contrario perderíámola, perderémola. Empobrecéndonos nas nosas capacidades para pensar o futuro ao perder a nosa memoria colectiva.

A todas as persoas chegadas de fóra que se instalan no noso territorio cómpre acollelas amosándolles a riqueza da nosa realidade lingüística, para que queiran aproveitar a formación que tamén cómpre darlles coa finalidade de que se poidan incorporar ao uso do galego.

A convivencia de linguas entre nós pode ser fonte de enriquecemento sempre que se supere unha perspectiva do galego como lingua B, como tamén o será a educación lingüística que vexa a proximidade do portugués. O plurilingüismo deber ser inclusivo ou non é plurilingüismo.

Nese camiño precisamos aprobar un novo decreto para o sistema educativo que substitúa o Decreto 79/2010 que se axuste á progresividade que se pide na LNL e que indica a Carta Europea: coas premisas aquí citadas é posible acordar, con respaldo das forzas parlamentarias, un novo Decreto, mesmo se non é de total acordo de cada unha delas, mais nas que non suscite o completo rexeitamento da metade do Parlamento, tal como agora sucede. Será ademais o sinal de que hai vontade por aprobar un Pacto de máis alcance, tan necesario, porque a partida xógase en todo o territorio social noso. Con honestidade política e gañadores todos e todas.

(Texto cerrado o 4 de febreiro e 2025).

Imaxe da cuberta:

Rolda de nenos, 1943
Alfonso Daniel Rodríguez Castelao
Tinta e augada/papel
15 x 14 cm

Fondos do Museo de Pontevedra
DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA